



NOTA INFORMATIVA

Estimadas familias:

Atendendo unha petición da ONG “Solidariedade Galega co Pobo Saharai” imos realizar unhas carreiras solidarias o martes 5 de xuño, ás 12:35 horas, co fin de recadar unha axuda económica para colaborar no programa “Vacacións en paz”. Dito programa permite que nenos e nenas que viven nos Campamentos de Refuxiados Saharauis (no deserto de Tinduf en Arxelia) veñan no verán a Galicia a casas de familias que os acollen.

A **carreira solidaria** consiste nunha carreira non competitiva, onde o importante é participar, non chegar primeiro. Vaise celebrar nuns circuítos marcados dentro do recinto escolar (un pequeno para alumnado de 1º, 2º e 3º nivel e outro máis grande para alumnado de 4º, 5º e 6º nivel). Cada alumno participante busca patrocinadores entre os familiares, amigos, veciños... que se comprometen a darlle unha cantidade por cada volta que dea ao circuítos.

A participación é voluntaria. A cantidade por cada volta debe ser pequena, aínda que iso depende da vontade da familia e dos patrocinadores que teña cada nena/o. (A modo indicativo podería ser de 30, 40, 50 céntimos ou 1 euro por volta, sempre en función de que o/a alumno/a non vaia dar moitas).

O alumnado que queira participar ten que devolver autorizado o carné que se xunta. O día da carreira deberán traer a cantidade exacta do seu compromiso persoal. O obxectivo é colaborar, tampouco dar voltas ata rebentar.

O profesorado

.....
NOME DO CORREDOR/A.....

| Nome do patrocinador | Cantidade que consegue por volta | Número de voltas realizadas | Recadación |
|----------------------|----------------------------------|-----------------------------|------------|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| TOTAL RECADADO | | | |

Sinatura da Nai ou do Pai